



## Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar  
32003 Ourense  
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178  
CIF: G32244345

**RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO**, deputado e voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN SOBRE A APROBACIÓN INMEDIATA DE AXUDAS DIRECTAS PARA A HOSTALERÍA DE OURENSE**

A Xunta ordenou o peche de toda a hostalería de Galicia o pasado 7 de novembro sen que, nesa data, as máis de 210.000 persoas —empresarios, empresarias, empregados e empregadas— deste sector puidiesen acollerse a axudas directas de carácter autonómico. A provincia de Ourense está a soportar restricións de gran calado, impostas tamén polo goberno galego desde o mes de setembro na cidade de Ourense, o que supuxo o peche de moitos locais xa naquel momento ou unha drástica redución dos seus ingresos.

O goberno galego estendeu esas medidas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica causada pola Covid-19 ás comarcas de Allariz-Maceda, O Carballiño, O Ribeiro, O Barco de Valdeorras, Verín e a área metropolitana da capital a comezos de outubro. Pero **durante estas agonizantes semanas de ordes contraditoras e anuncios sen planificación, o executivo de Alberto Núñez Feijóo non adicou ningunha partida económica para auxiliar aos afectados e afectadas da nosa provincia**. Foron abandonados pola Xunta.

A hostalaría conta con 7.692 afiliados á Seguridade Social e 1.573 centros de cotización en Ourense. Dos afiliados neste sector, 3.594 persoas pertencen ao Concello de Ourense, 551 ao Concello do Carballiño e 181 ao de Barbadás. Estas cifras evidencian a súa gran relevancia na economía da cidade, pero tamén na estrutura socioeconómica das comarcas afectadas polas **restricións impostas moito antes que en outras provincias**.

Este colectivo non poderá acollerse a auxilio algún da Xunta, como moi cedo, ata finais do mes de novembro, case dez meses despois do comezo da pandemia. A provincia de **Ourense soporta desde hai dous meses as restricións máis duras de España** fronte á pandemia e **só agora, cando as medidas afectan tamén ás cidades do eixo atlántico de Galicia, a Xunta acordou algunhas medidas para axudar a hostalería**.

Despois de tantos meses, é palpable o abandono das decenas de miles de persoas que viven directa ou indirectamente da hostalería e dos seus servizos asociados por parte do goberno galego, que é quen ten as competencias en materia de emprego, industria e comercio. Esta situación contrasta con outras **autonomías onde existen axudas de todo tipo case desde o comezo da pandemia**.

Por exemplo, Euskadi subvencionou con ata 3.000 euros gastos da Seguridade Social e de alugueiro ou concede axudas ao alugueiro de vivendas aos afectados. Cantabria aprobou un “cheque resistencia” que abona entre 150 e 300 euros semanais para cubrir gastos fixos dos negocios afectados. Cataluña impulsou unha axuda directa de ata 2.000 euros para autónomos. Madrid entrega 3.200 euros a cada autónomo que se manteña dado de alta,



polo menos, un ano, e Asturias e Navarra conceden axudas directas aos afectado e afectadas de ata 400 e 650 euros respectivamente.

As mobilizacións e protestas deste sector que comezaron en Ourense, estendéronse durante novembro por toda Galicia, co fin de reclamar apoio urxente por parte da Xunta. Queren un **rescate integral para o sector**. O primeiro encontro do executivo de Feijóo con estes empresarios e empresarias non tivo lugar ata novembro. Fronte a este desleixo do PP galego, **moitas entidades locais están a impulsar ou a renovar as súas propias axudas xa aprobadas hai meses**, incluíndo subvencións directas, rebaixas e exencións de impostos e taxas, ou modificacións normativas sobre veladores, co fin de adaptar o servizo á situación de pandemia.

Os socialistas lamentamos a tardanza do goberno de Galicia en escoitar a este sector e na aprobación de axudas directas para a súa supervivencia. Fronte a isto destaca o importante **respaldo que recibiu o colectivo por parte do Goberno central, a través dun escudo social universal** posto en marcha inmediatamente despois da declaración do primeiro estado de alarma no mes de marzo.

Os expedientes de regulación temporal de emprego (ERTE) alcanzaron xa a 617.000 galegos e galegas, con máis de 450 millóns de euros desembolsados desde marzo. As axudas para traballadores e traballadoras autónomos suman máis de 88.000 receptores mensuais cun investimento de 500 millóns. Igualmente miles de empresas galegas están a acollerse a préstamos ICO para afectados pola pandemia. O Ministerio de Inclusión tamén vén de flexibilizar hai unhas semanas o acceso da hostalería á prestación extraordinaria por suspensión de actividade, e aqueles que non realicen servizo a domicilio ou de recollida, poderán presentar unha declaración responsable para solicitar a prestación.

As asociacións de hostalería de Galicia demandan axudas directas que compensen, a lo menos, o 50% das perdas ocasionadas polo peche, así como bonificacións en taxas, cotizacións e impostos. A súa **situación é crítica**: a pandemia acabou con máis de 10.000 empregos da hostalería galega xa antes do *cerrojazo* ordenado pola Xunta, caendo a ocupación un 12% no último ano e un 66% a contratación. O peche agravará esa situación.

O goberno de Feijóo deu as costas a hostalería durante 10 meses e agora, tras sinalalos como os causantes de “bombas víricas”, **segue sen aprobar un rescate integral que evite a súa quebra** posto que, en palabras dos propietarios e propietarias, as medidas publicitadas pola Xunta supoñen “un balón de osíxeno momentáneo”. A Xunta tampouco tivo en consideración as especialidades da problemática de hostaleiros e hostaleiras en Ourense, onde a súa actividade foi limitada moito antes ata provocar o peche de centos de locais sen que se aprobase ningunha compensación para evitar a ruína.

Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1. Instar á Xunta de Galicia a aprobar un programa de rescate integral para a hostalería da comunidade autónoma que inclúa todas as demandas expresadas polas asociacións profesionais deste sector.



## Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar  
32003 Ourense  
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178  
CIF: G32244345

2. Instar á Xunta de Galicia a aprobar medidas específicas para compensar aos afectados e afectadas da hostalería da provincia de Ourense que sufriron as restricións na súa actividade impostas polo goberno galego, un mes antes que o resto da comunidade.
3. Instar á Deputación Provincial de Ourense a suplementar nun 20 % o importe das axudas da Xunta de Galicia para a hostalería, co fin de compensar aos afectados e afectadas da nosa provincia que sufriron restricións na súas actividades un mes antes que o resto da comunidade.

En Ourense, 13 de novembro de 2020

Asinado: Rafael Rodríguez Villarino.

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**